

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP CEDEIRA
CURSO: 6º PRIMARIA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

INTRODUCCIÓN

Coa emerxencia e restricións de mobilidade derivadas da crise do COVID-19 foi necesario replantexar a docencia co propósito de non perder o curso académico e, a súa vez, garantir a calidade de ensinanza aprendizaxe.

Todo isto implicou un cambio na modalidade na avaliación en moi pouco tempo, que permitiu continuar coa actividade de xeito adecuado en termos globais unha vez foron solventadas as deficiencias tecnolóxicas nas que se viu afectado unha parte do alumnado.

A avaliación final do alumnado de 6º de educación primaria consistirá no resultado da media dos primeiros trimestres así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes no terceiro trimestre, sempre e cando beneficie ao alumno.

Polo tanto, as actividades de avaliación do terceiro trimestre terán carácter diagnóstico e formativo.

ÁREA LINGUA GALEGA

Bloque1: COMUNICACIÓN ORAL.FALAR E ESCOITAR

Bloque 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

Bloque 3: COMUNICACIÓN ESCRITA ESCRIBIR

Bloque 4: COÑECEMENTO DA LINGUA

Bloque 5: EDUCACIÓN LITERARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.
B1.2. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.2.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
	LGB1.2.2. Sigue unha exposición da clase e extrae as ideas máis destacadas.

B1.3. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.3.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
	LGB1.3.2. Respecta as opinións dos e das demais.
B1.4. Elaborar textos propios dos medios de comunicación.	LGB1.4.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación.
B1.5. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.	LGB1.5.1. Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral: sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...
B2.1. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións	LGB2.1.1. Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.
B2.2. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	LGB2.2.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.
	LGB2.2.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.
B2.3. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.3.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
B2.4. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta	LGB2.4.1. Le textos en voz alta con fluidez e precisión, velocidade e ton de voz adecuados.
	LGB2.4.2. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...
B2.5. Usar as bibliotecas virtuais, con autonomía abonda, comprendendo como se organiza.	LGB2.5.1. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con autonomía.
B2.6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.6.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir,

texto.	xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais
	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...
B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.	LGB3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, contos, poemas, anécdotas...
	LGB3.4.2. Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.
B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.
	LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
	LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.
	LGB4.1.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo e imperativo.
	LGB4.1.4. Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.

B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas.
B4.3. Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión.	LGB4.3.1. Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...
B4.4. Coñecer as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	LGB4.4.1. Identifica as características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega.
B5.1. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LGB5.1.1. Le obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
B5.2. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	LGB5.2.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.
B5.3. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	LGB5.3.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.

ÁREA LINGUA CASTELÁ

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o	LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).

discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e das demais.	LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.
	LCB1.1.3. Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.
B1.2. Analizar e valorar con sentido crítico as mensaxes orais.	LCB1.2.1. Amosa unha actitude de escoita atenta.
	LCB1.2.2. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe.
B1.3. Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identificar ideas ou valores non explícitos.	LCB1.3.1. Identifica as ideas principais dun texto.
	LCB1.3.2. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.
B1.4. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente, recoller datos, preguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade.	LCB1.4.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.
B1.5. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas.	LCB1.5.1. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas do seu interese, seguindo modelos.

B2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. (Mínimo)
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	LCB2.2.1. Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos.
	LCB2.2.2. Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). (Mínimo)
B2.3. Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos.	LCB2.3.1. Comprende textos xornalísticos e publicitarios. Identifica a súa intención comunicativa. Diferenza entre información, opinión e publicidade.
B2.4. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	LCB2.4.1. Utiliza os medios informáticos para obter información. (Mínimo)
	LCB2.4.2. Interpreta a información e fai un resumo da mesma.
B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios ,(Mínimo)

	LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
B3.2. Elaborar proxectos individuais sobre diferentes temas da área.	LCB3.2.1. Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e informático, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes. LCB3.2.4. Elabora un informe seguindo un guión establecido.
B3.3. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.	LCB3.3.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.
B3.4. Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.	LCB3.4.1. Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto. (Mínimo)
B3.5. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións	LCB3.5.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións. (Mínimo)

	LCB4.1.2. Diferenza familias de palabras.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Identifica e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas. (Mínimo)
	LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. (Mínimo)
	LCB4.2.3. Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferenza suxeito e predicado. (Mínimo)
B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.3.1. Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.
	LCB4.3.2. Usa con corrección os signos de puntuación.
	LCB4.3.3. Aplica as normas do uso da til. (Mínimo)
	LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe adecuada nas producións escritas propias.
B4.4. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.4.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.
B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.	LCB5.1.1. Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. (Mínimo)
B5.2. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.2.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións. (Mínimo)

--	--

ÁREA MATEMÁTICAS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
BLOQUE 1: Procesos, métodos y actitudes en matemáticas	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Crit.MAT.1.1. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	Est.MAT.1.1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas o en contextos da realidade.

Crit.MAT.1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	
	Est.MAT.1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).
	Est.MAT.1.2.2. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.
	Est.MAT.1.2.5. Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas...)
Crit.MAT.1.4. Profundizar en problemas resoltos, plantexando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, etc.	Est.MAT.1.4.1. Profundizar en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos.
	Est.MAT.1.4.2. Plantexa novos problemas, a partir dun resolto variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectándoo coa realidade, buscando outros contextos, etc.
Crit.MAT.1.5. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.	Est.MAT.1.5.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.

Crit.MAT.1.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados para a resolución de problemas.	Est.MAT.1.7.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez, valorando os pros e os contras do seu uso.
Crit.MAT.1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións similares futuras, transferindo o saber facer nun contexto a outros, coas peculiaridades de cada un.	Est.MAT.1.10.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas valorando as consecuencias das mesmas e a súa conveniencia pola súa utilidade.
	Est.MAT.1.10.2. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares, etc.
Crit.MAT.1.12. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo, para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.	Est.MAT.1.12.1. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas.
	Est.MAT.1.12.2. Utiliza a calculadora para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas.
2. Números	
Crit.MAT.2.1. Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata	Est.MAT.2.1.2. Lee, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións, decimais hasta as milésimas e enteiros),

as milésimas, enteiros)	utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha deas súas cifras.
Crit.MAT.2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	Est.MAT.2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.
	Est.MAT.2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e considerando tanto o valor da posición de cada unha das súas cifras.
	Est.MAT.2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor da posición de cada unha das súas cifras.
	Est.MAT.2.2.4. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns en outros.
	Est.MAT.2.2.5. Utiliza os números negativos en contextos reais.
Crit.MAT.2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas	Est.MAT.2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.

	Est.MAT.2.3.2. Redondea mentalmente números decimais á décima, centésima ou milésima máis cercana en situacións de resolución de problemas cotiás.
	Est.MAT.2.3.3. Ordena fraccións aplicando a relación entre fracción e número decimal.
Crit.MAT.2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e os porcentaxes sinxelos para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	Est.MAT.2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos como operadores na interpretación e a resolución de problemas.
Crit.MAT.2.4./Crit.MAT.2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía das operacións, aplicando as propiedades das mesmas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza de cálculo que se realice (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	Est.MAT.2.6.1. Realiza operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.
	Est.MAT.2.6.5. Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.
	Est.MAT.2.6.6. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
	Est.MAT.2.6.7. Realiza operacións con números decimais.
Crit.MAT.2.7. Iniciarse no uso dos porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	Est.MAT.2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes .
Crt.MAT.2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e	Est.MAT.2.8.1.Utiliza e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división en distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.

en situacións da vida cotiá.	
Crit.MAT.2.9. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Est.2.9.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de contraexemplos).
	Est.2.9.2. Reflexiona sobre o proceso aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, buscando outras formas de resolvelos.
Bloque 3. Medida	
Crit.MAT.3.1. Seleccionar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, capacidade, peso/masa, superficie e volume en contextos reais.	Est.MAT.3.1.1. Identifica as unidades do Sistema Métrico Decimal: lonxitude, capacidade, peso/masa, superficie e volume.
Crit.MAT.3.2. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade e masa facendo previsións razoables.	Est.MAT.3.2.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volúmenes de obxectos e espazos coñecidos, elixindo a unidade e os instrumentos máis adecuados para medir e expresar unha medida e explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
Crit.MAT.3.3. Operar con diferentes medidas.	Est.MAT.3.3.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
	Est.MAT.3.3.2. Expresa en forma simple a medición de lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.
	Est.MAT.3.3.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

Crit.MAT.3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis adecuadas, explicando oralmente e por escrito, o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.	Est.MAT.3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.
	Est.MAT.3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis adecuadas, explicando oralmente e por escrito, o proceso seguido.
Crit.MAT.3.5. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	Est.MAT.3.5.1. Coñece e utiliza as unidades de medida de tempo e as súas relacións: segundo, minuto, hora, día, semana e ano.
	Est.MAT.3.5.2. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.
	Est.MAT.3.5.4. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.
Crit.MAT.3.6. Coñecer o sistema sexagesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	Est.MAT.3.6.1. Identifica o ángulo como medida dun xiro ou abertura.
	Est.MAT.3.6.2. Mide ángulos usando instrumentos convencionais.
Crit.MAT.3.7. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	Est.MAT.3.7.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situacións reais como figuradas.
Crit.MAT.3.8. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Est.MAT.3.8.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de contraexemplos), creando conxeturas, construindo, argumentando, e tomando decisións, valorando as consecuencias das mesmas e a conveniencia da súa utilización.

ÁREA CIENCIAS DA NATUREZA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles Unidade 5 : A materia e os seus cambios	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. Consolidar e ampliar o coñecemento das propiedades xerais da materia, e de unidades, instrumentos e procedementos para medilas.	1.1. Define materia, masa e volume. Coñece e usa procedementos básicos para determinar a masa e o volume dos corpos, e os símbolos das unidades que se empregan.
2. Afianzar a idea de densidade como propiedade específica das substancias, e aplicar procedementos para calculala.	2.1. Define densidade, calcúlala e expresa correctamente, e determina a flotabilidade na auga de corpos e substancias.
3. Diferenciar entre substancias puras e mesturas, e coñecer distintos tipos de mesturas.	3.1. Define substancia pura e mestura, nomea distintos tipos de mesturas (disolucións, mesturas heteroxéneas e aliaxes)
4. Consolidar e ampliar o coñecemento da enerxía, as formas en que se manifesta e as súas fontes.	4.1. Identifica, nomea e describe na natureza, en dispositivos e en aparatos, as principais formas e fontes de enerxía.

	4.2. Describe algunhas transformacións da enerxía na natureza, en aparatos e en dispositivos.
5. Identificar e describir cambios físicos e as causas que os producen: cambios de estado, dilatacións, deformacións e movementos	5.1. Describe as características dos cambios físicos e identifica as causas que os producen.
6. Identificar e describir cambios químicos na materia (oxidacións e combustións). Coñecer as fases dunha reacción química, as substancias iniciais e finais, e simbolizar de xeito aproximado o proceso.	6.1. Define reacción química, reactivos e produtos. Identifica e describe reaccións sinxelas de oxidación e combustión, e simbolízaas de xeito aproximado.
7. Coñecer algúns cambios químicos que producen os seres vivos: fotosíntese, dixestión e fermentacións.	7.1. Aplica coñecementos e describe procesos químicos que realizan os seres vivos, como a dixestión, a fotosíntese e as fermentacións.
8. Coñecer aspectos básicos da calor, formas de transferirse e os efectos que produce.	8.1. Describe formas de transferir a calor e identifica os efectos que produce nos corpos: aumento de temperatura e cambios de estado.
9. Describir como se produce e propaga o son e coñecer os seus efectos.	9.1. Describe a produción e a propagación do son, e algúns dos seus efectos.
10. Coñecer as características da luz como forma de enerxía e as fontes que a producen, e describir e valorar a importancia do sol como fonte de enerxía.	10.1. Nomea características e propiedades da luz e describe experiencias que as demostran. Cita fontes de luz e describe a importancia do sol como fonte de luz e calor.
11. Afianzar e ampliar o coñecemento do comportamento dos corpos ante a luz.	11.1. Identifica, define e nomea corpos opacos, translúcidos e transparentes.
12. Coñecer as propiedades e características dos fenómenos luminosos: dispersión, reflexión e refracción.	12.1. Identifica e caracteriza os fenómenos de reflexión, refracción e descomposición da luz, que se producen na natureza e en espellos, lentes e prismas, e coñece os usos destes obxectos.
13. Coñecer distintas clases de contaminación, as causas que as producen e propoñer algunhas accións para palialas ou erradicalas.	13.1. Describe e nomea formas de contaminación identificando as causas que as producen, e propón medidas para

	diminuír a contaminación.
14. Aplicar elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas sobre densidade, masa, volume...	14.1. Aplica elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas sobre a densidade.
15. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, observar e interpretar imaxes, usar estratexias para tratar a información, , aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.	15.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.
Unidade 6 : A enerxía. A electricidade e o magnetismo	
1. Identificar e describir características da electricidade estática e das correntes eléctricas.	1.1. Describe interaccións entre corpos con carga eléctrica e corrente eléctrica, e identifica fenómenos nos que se manifesta a electricidade.
2. Definir e identificar substancias e corpos condutores e illantes.	2.1. Define corpo condutor e corpo illante, e identifica e nomea substancias condutoras e illantes.
3. Coñecer os distintos tipos de xeradores de corrente e as funcións dos cables, as tomas de corrente, os interruptores e os aparatos eléctricos máis frecuentemente instalados nos circuitos.	3.1. Identifica e nomea tipos de xeradores, describe as funcións de elementos sinxelos dos circuitos eléctricos, e interpreta símbolos básicos de circuitos eléctricos.
4. Coñecer as propiedades dos imáns e as súas interaccións. Coñecer as características do campo magnético e as súas interaccións co compás.	4.1. Nomea as partes dun imán, define e caracteriza o campo magnético, e identifica e anticipa interaccións entre imáns.
5. Coñecer e comprender as relacións entre a electricidade e o magnetismo: campo magnético das correntes eléctricas (electroimán e motor eléctrico) e correntes eléctricas inducidas pola variación do campo magnético (alternadores e dínamos).	5.1. Identifica a aparición dun campo magnético asociado a unha corrente eléctrica, constrúe un electroimán, identifica a aparición de correntes eléctricas a partir do movemento de imáns, e nomea aparatos e dispositivos que aproveitan o

	electromagnetismo: motores, alternadores e dínamos.
6. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, utilizar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.	6.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.

ÁREA CIENCIAS SOCIAIS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Descibir as grandes etapas políticas do século XIX en España, desde a guerra da Independencia ata a rexencia de María Cristina, así como as consecuencias na súa comunidade.</p>	1.1. Describe as grandes etapas políticas da historia de España desde 1808 ata 1902.
	1.2. Explica a guerra da Independencia e as súas consecuencias.
	1.3. Analiza a Constitución de Cádiz.
	1.4. Describe as principais diferenzas entre unha monarquía absoluta e unha monarquía parlamentaria.

	1.5. Identifica os principais grupos ou partidos políticos xurdidos ao longo do século XIX.
	Define o carlismo e explica as súas ideas principais.
2. Analizar as grandes transformacións económicas da España do século XIX, especificando as que se levaron a cabo na agricultura, na industria e nos transportes, e a súa repercusión concreta na vida cotiá.	2.1 Investiga e explica a vida cotiá dunha localidade da súa comunidade no século XIX, nos seus aspectos social, económico (comercial, artesanal e agrícola) e urbanístico.
	2.2 Explica as grandes transformacións sociais e económicas de España no século XIX.
	2.3. Analiza o proceso de industrialización de España e as súas diferenzas respecto aos países máis avanzados de Europa.
3. Explicar as características da nova sociedade de clases, comparándoa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.	3.1. Explica as características principais da burguesía e da clase obreira no século XIX
4. Diferenciar as correntes artísticas e culturais da España do século XIX, citando obras e autores representativos de cada unha delas.	4.1 Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da España do século XIX, e cita os seus representantes máis significativos.
5. Describir as grandes etapas políticas do século XX en España, desde o reinado de Alfonso XIII ata os nosos días, explicando as características xerais de cada unha delas e a incidencia destas na súa comunidade.	5.1. Describe os principais feitos do reinado de Alfonso XIII, incluída a ditadura de Primo de Rivera.
	5.2. Explica as causas que levaron á proclamación da Segunda República, as súas reformas e os seus problemas.
	5.3. Identifica as causas e as consecuencias da Guerra Civil.
	5.4. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.

	5.5. Explica a evolución de España durante o franquismo.
6. Analizar a Constitución de 1978 como base da nosa democracia, relacionándoa coa organización política da España actual.	6.1. Recoñece a democracia como a forma de goberno que vela polos dereitos de todos os cidadáns, e explica como se constitúe un goberno democrático.
	6.2. Describe a organización actual do Estado español e a función das súas principais institucións.
7. Describir o proceso de integración de España en Europa, explicando que é a Unión Europea, a súa historia, as súas principais institucións e os seus obxectivos políticos e económicos.	7.1. Explica que é a Unión Europea.
	7.2. Identifica as principais institucións da Unión Europea.
8. Diferenciar as correntes artísticas e culturais da España dos séculos xx e xxi, citando obras e autores representativos de cada unha delas.	8.1. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da España dos séculos xx e xxi, e cita os seus representantes máis significativos.

2.Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos</u>: revisión e valoración do traballo feito polo alumnado, participación nas videochamadas grupais, valoración da participación en actividades propostas a nivel centro, valoración da participación nos retos semanais, actividades de comprobación de dominio dos diferentes contidos, actividades de composición escrita propostas (narracións, entrevistas...) e de comprensión lectora, e actividades de expresión oral, actividades de cálculo e razoamento, de resolución de problemas...</p>
	<p><u>Instrumentos</u>: caderno da titora, rúbricas dos diferentes temas, ficha de seguimento do alumnado. Recollida e valoración de traballos e produtos que mostren o nivel de consecución do estándar e a evolución deste ao longo do trimestre. Interese e actitude mostrado no desenvolvemento de actividades e tarefas.</p>
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final nesta área terase en conta a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación e a análise do traballo realizado durante o terceiro trimestre.</p>
Alumnado de materia pendente	<p><u>Criterios de avaliación</u>: valorarase o grao de implicación e seguimento do curso dende a casa neste terceiro trimestre para determinar se houbo mellora nos contidos non satisfeitos nas anteriores avaliacións. Farase fincapé na valoración dos aspectos referidos á expresión e á comprensión, así como no coñecemento dos novos elementos gramaticais traballados na clase, o uso das normas ortográficas ou a orde na presentación dos traballos.</p>
	<p><u>Criterios de cualificación</u>: Establecerase unha media entre a primeira e a segunda avaliación coa valoración, positiva ou negativa, do desenvolvemento do terceiro trimestre, o que axudará, sempre, a mellorar a nota.</p>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación</u>: valoración do traballo diario, participación e seguimento nos retos e actividades que se lle propoñen, actitude, motivación e a presentación do material, valorado todo elo a través de instrumentos de recollida de datos como o caderno da titora, fichas de seguimento do traballo do alumnado e as rúbricas, onde se irá valorando aqueles aspectos nos que mellorou ou precisa seguir mellorando. Ademais, a valoración será levada a cabo tendo en conta a información da mestra de PT e/ou AL, tendo en conta a</p>

	información por ellas obtenida a través de sus procedimientos e instrumentos de evaluación.
--	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

As actividades propostas deberán ir dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe, polo que serán actividades que cheguen a todo o alumnado e que estean orientadas ó desenvolvemento das competencias básicas.

Proporanse actividades en diferentes soportes, como o dixital e interactivo, propoñendo iniciativas que favorezan o desenvolvemento lingüístico a través da procura de información, da investigación, da lectura, da produción de textos, do xogo...

Serán actividades con diferentes graos de realización e dificultade, actividades diversas para traballar un mesmo contido, actividades de reforzo dos obxectivos mínimos e prioritarios, actividades que permitan repasar, reforzar e/ou ampliar os contidos traballados na aula ata o peche dos centros.

Metodoloxía (alumnado con conectividade)

A metodoloxía será significativa e motivadora, evitando así caer na repetición e na monotonía á que pode levar o traballo individual na casa.

Máis que nunca empregárase unha metodoloxía baseada no xogo (repaso dos contidos a través de xogos interactivos, traballo das competencias lingüísticas desenvolvendo actividades cotiás na súa casa e familia, por exemplo) e na investigación, na produción literaria, no fomento da lectura..., de maneira que a aprendizaxe resulte máis atractiva, entretida e divertida.

Metodoloxicamente, e coa intención de respectar as características individuais do alumnado, o seu ritmo e, sobre todo, coa intención de adaptarse ás circunstancias e dispoñibilidade de cada familia, serán elas as que, dentro dunha planificación base e da orientación facilitada pola titora, decidan o que, o como e o cando á hora de traballar. Prestarase especial atención a identificar ao alumnado desconectado por diversas circunstancias e preparando plans específicos de recuperación e de reforzo que lles axuden a reincorporarse á actividade educativa tan pronto como sexa posible.

Por outra banda, a interacción entre alumnado e profesor será continua, a través de chamadas telefónicas,

	videochamadas e correo electrónico. O seguimento titorial e o apoio emocional ó alumnado e as súas familias son de gran relevancia neste contexto.
Materiais e recursos	Empregaranse materiais e recursos en liña postos a disposición do profesorado para estes momentos excepcionais, o libro do alumando, xogos interactivos, libros de lectura en lingua galega, etiquetas, folletos, catálogos...

4.Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O contacto da titora coas familias e o alumnado é constante, ven a través do Abalarmóbil, do correo electrónico e das videochamadas.
Publicidade	A programación está dispoñible para a súa consulta na páxina web do centro, como están tamén os materiais facilitados ao alumnado para o seu traballo diario.